

**AO CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
DA XUNTA DE GALIZA**

San Caetano s/n. Santiago de Compostela

_____, con DI nº _____ enderezo
electrónico _____ e _____ enderezo
postal _____,

EXPOÑO:

Que, aos efectos de preservar e salvaguardar a integridade do BIC “Torres de Meirás” (Decreto 299/2008 de 30 de decembro), considero imprescindible que se dean todos os pasos necesarios para impedir que os herdeiros do ditador poidan retirar os bens mobles, tanto do interior coma dos exteriores que forman parte do dito BIC.

Que un dos pasos imprescindibles é incorporar ao anexo I do citado Decreto 299/2008 a relación de bens mobles que no seu día non foi posible realizar, por mor das trabas que os servizos técnicos desa Consellería tiveron naquel momento para acceder ao interior do edificio.

Que a incoación deste expediente e a resolución do mesmo compete en exclusiva á Consellería de Cultura, tal como se establece nos art. 15 e 16 da lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza, e como recoñecen diferentes informes, entre eles o da avogacía do Estado que recentemente foi remitido á Xunta de Galiza.

Que a mera incoación dese expediente outorgaría a todos os bens a protección á que fai referencia o art. 17.4 da Lei de Patrimonio cultural de Galiza.

Por todo o exposto, e de conformidade co previsto no art. 16 da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza

SOLICITO,

Que se incoe expediente de modificación do Decreto 299/2008 co fin de incorporar o anexo de bens mobles asociados á categoría de sitio histórico, tanto do interior das edificacións coma dos exteriores do BIC Torres de Meirás, publicando de inmediato o catálogo deses bens.

_____ a ____ de maio de 2021

Asdo: